



Xornalistas Galegas urxe á creación dun departamento de xénero nos medios de comunicación de Galicia

A asociación incide na necesidade inmediata dunha figura transversal para evitar a publicación de contidos machistas, sexistas ou que banalicen a violencia de xénero

O colectivo vén de impulsar recentemente unha iniciativa no Parlamento de Galicia para garantir o cumprimento nos medios das leis de igualdade entre mulleres e homes

Santiago, 15 de abril de 2021. A asociación Xornalistas Galegas urxe aos medios de comunicación de Galicia a incorporar unha figura ou departamento transversal que vele pola perspectiva de xénero nas informacións e contidos difundidos ao público, co fin de evitar a propagación de mensaxes e situacións machistas, sexistas ou que banalicen a violencia de xénero, incluída a prostitución.

O colectivo amosa a súa preocupación pola frecuente propagación de contidos e pezas informativas sen perspectiva feminista nos medios galegos, con maior gravidade nos públicos, que deberían servir de exemplo e ser pioneiros na integración dunha figura que vele pola perspectiva de xénero de xeito continuado e rigoroso, antes, durante e despois da difusión de informacións e espazos informativos ou de entretemento.

No último ano, Xornalistas Galegas denunciou a través da súa canle de Twitter decenas de publicacións en medios galegos e estatais carentes de perspectiva de xénero e lembrou en numerosas ocasións a obriga legal por parte das persoas profesionais e responsables dos medios de promover a igualdade entre homes e mulleres. Neste contexto, o colectivo vén de impulsar ante o Parlamento de Galicia unha iniciativa para garantir o cumprimento mediático das leis de igualdade e violencia de xénero, e solicitou á Secretaría Xeral de Igualdade o reforzo de mecanismos que garantan o compromiso dos medios coa perspectiva feminista.

A inclusión de voces expertas, tanto nas tertulias como á hora de buscar fontes informativas, é outra das medidas nas que incide Xornalistas Galegas para garantir a igualdade e a perspectiva de xénero nos medios de comunicación, un aspecto co que a asociación considera que quedarían garantidos coa incorporación dunha figura responsable ou departamento de xénero.

Saúdos,

Xornalistas Galegas

Para máis información:

Email: xornalistasgalegas@gmail.com

[Manifesto – Por un Xornalismo Feminista](#)

[WEB xornalistasgalegas.org](http://WEB.xornalistasgalegas.org)

[TWITTER @asxornalistas](#)